



CEIP PLURILINGÜE CARLOS CID ARREGUI
Curso 2023-2024

[Versión 2.0_ maio 2023]

ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Datos básicos do centro.

- **Denominación:** CEIP PLURILINGÜE CARLOS CID ARREGUI
- **Localidade:**Rairiz de Veiga (Ourense)
- **Nº de Alumnos/as:** 59 Alumnos/as
- **Nº de Unidades:** 6
 - Educación Infantil: 2
 - Educación Primaria: 4
- **Centros de Primaria Adscritos:**
 - Ceip Plurilingüe Os Blancos
 - Ceip de Sandiás
- **IES ó que pertence:** IES Lagoa de Antela

- **Zona Educativa:** Xinzo de Limia
- **Horario Lectivo Ceip Plurilingüe Carlos Cid Arregui** 09.30-13.00 e 14.00-15.30 h

➔ Recursos Materiais

Aulas Xerais:

- Educación Infantil: 2
- Educación Primaria: 5

Aulas Específicas:

- Música: 1
- Inglés: 1
- Aula TIC: 1
- Gimnasio: 1
- Aula PT: 1
- Aula AL: 1

Espazos diversos educativos:

- Biblioteca

- Instalacións Deportivas: ximnasio con duchas e vestiarios, patio cuberto, patio de recreo canastra e porterías e patio de educación infantil.
- Comedor.
- Transporte.

➔ Recursos Humanos.

MESTRES/AS E ESPECIALISTAS	Nº	Observacións
Educación Infantil-Titor/a	2	
Educación Primaria - Titor/a	2	
Música	1	
Inglés	1	
Educación Física	1	
Relixión	1	Mestra compartida con: <ul style="list-style-type: none"> • Ceip Plurilingüe Os Blancos • Ceip de Sandiás • Ceip Valle Inclán de Muíños
Orientadora	1	Mestra Orientadora compartida con: <ul style="list-style-type: none"> • Ceip Plurilingüe Os Blancos • Ceip de Sandiás
AL	2	Un compartido (Sarreaus

Auxiliar de Conversa	1	4 meses
Mestra PROA+	1	9 Meses
PERSOAL NON DOCENTE	Nº	Observacións
Limpeza	1	
Cociña	1	

	Nº	Observacións
Asociación de Nais e Pais / ANPA	1	

➔ Recursos Externos ó centro.

Traballadora social, centro médico, protección civil, biblioteca municipal, CFR Ourense, Asociación LIMISI e EOE Ourense.

➔ Distribución do alumnado.

	Educación Infantil			Educación Primaria					
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º

Nº Alumnos/as por curso	6	8	5		3	4	5	8	8	12
-------------------------	---	---	---	--	---	---	---	---	---	----

1.2.- Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

O Ceip. Carlos Cid Arregui está situado no pobo de Rairiz de Veiga onde cursan os seus estudos os alumnos dos concellos de Rairiz de Veiga e Vilar de Santos. Son concellos eminentemente rurais, pero a súa economía vai deixando pouco a pouco de depender case exclusivamente da agricultura e a gandería, que nos últimos anos converteuse en adicación complementaria na maioría dos casos, para dar paso a pequenas empresas familiares (en Vilar de Santos hai un parque empresarial) e sobre todo unha poboación envellecida que depende maiormente das pensións e que tamén vai incrementando o sector servizos (hai unha residencia de maiores). A nivel de infraestruturas e servizos a dotación foi mellorando cada ano: as bibliotecas públicas informatizadas, residencia de maiores e gandería en Rairiz e de Vilar de Santos, parques infantís, organización de semanas lúdicas e culturais para os nenos. A brecha dixital entre o rural e o urbano e, na actualidade practicamente nula e os alumnos están o día no que a novas tecnoloxías se refire. Así mesmo os alumnos, en maior ou menor medida, nos períodos de lecer, no ámbito familiar, van a outros lugares tanto de Galicia como de España, quedando atrás o illamento que ata hai uns anos era habitual no rural. A nivel educativo ten implicacións moi positivas.

O proxecto educativo do centro contempla como obxectivo para todas as etapas educativas o emprego das TIC tanto por parte do alumnado como do profesorado. O programa de formación de profesorado do centro conta cunha liña de formación no plan dixital de centro.

1.3.- Breve xustificación do mesmo.

Para levar a cabo o deseño e implementación do Plan Dixital do noso centro, deberemos de ter en conta a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4.- Proceso de elaboración.

Para a elaboración do PD do curso 2023-2024 tívose como base o Plan Dixital previo, seguindo o seu deseño e tendo en conta a implementación do mesmo, inclúense novos obxectivos e accións.

O procedemento levado a cabo para a súa reelaboración, foi o que a continuación se expón cunha temporalización do segundo e terceiro trimestre do curso 2022-2023:

- Levamos a cabo unha análise da situación do centro: para iso partimos da diagnose da situación do realizado no curso anterior a través do SELFIE (coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro), e o Test CDD (valoración do profesorado no marco DigCompEdu desde o seu perfil competencial), pois aínda eran vixentes.
- Levamos a cabo una diagnose de situación do centro: a partir do informe Selfie, o centro obtivo o informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu volver analizar a situación do centro e definir as liñas prioritarias do PD en termos de obxectivos e actuacións para este novo curso. O test CDD permitiu ó centro avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital e fixar novos horizontes.
- Elaboración do Plan Dixital: no terceiro trimestre do curso 2022-2023 o PD foi rematado e será aprobado polo Consello Escolar, unha vez, oído o claustro no mes de xuño de 2023.

2.- SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1.- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

No seguinte cadro, reflíctense as necesidades de infraestrutura dixital, así como o equipamento tecnolóxico e dixital co que conta o nos o centro educativo.

	Equipamentos actuais	Necesidades
	PLANTA BAIXA	
Dirección	Un equipo de sobremesa do 2014	Disco duro externo alta capacidade

Departamento de orientación	Un equipo de sobremesa	Un ordenador portátil, disco duro externo alta capacidade, dúas tablets
Sala de mestres/as	Un equipo de sobremesa do 2016	Mantemento e actualización
Almacén material	Fotocopiadora Ricoh en branco e negro 2014 Fotocopiadora a color para A3 y A4 leasing	Mantemento e actualización
Aula Ed. Infantil		
Aula Informática	Un equipo de sobremesa profesorado 2016 9 equipos de sobremesa do 2006 e portátiles 8 para o alumnado. Unha multifunción en branco e negro. Pantalla dixital interactiva.	Renovación de que vaian fallando Mantemento e actualización
Aula de 1ºEP e 2º EP	Un portátil, una pantalla dixital interactiva 2023	10 tablets para a aula Mantemento e actualización
Aula de 3ºEP e 4º EP	Un portátil, una pantalla dixital interactiva 2023	Mantemento e actualización 10 tablets para a aula
Aula 5ºEP	Un portátil, una pantalla dixital interactiva 2023	Mantemento e actualización
Salón de actos	Proxector	Mantemento e actualización
Aula de 6º	Un lote de EDi, portátil e proxector do 2015	Mantemento e actualización
Aula de AL-PT	Un portátil do 2012, un EDi do 2014	Un portátil, unha pantalla dixital interactiva, 2 tablets
Aula de Inglés	Un portátil, un EDi 2008	Un portátil, unha pantalla dixital interactiva, 10 tablets
Aula de música	Un portátil do 2010	Un portátil, unha pantalla dixital interactiva, 10 tablets
Biblioteca	Un equipo de sobremesa do 2012, impresora en branco e negro , Proxector 2002	Un portátil, unha pantalla dixital interactiva, 10 tablets
Aula multiusos	Un portátil 2008	Un portátil, unha pantalla dixital interactiva,

2.2.- Fontes empregadas para a análise DAFO.

Neste apartado, incluímos un resumo das áreas do informe SELFIE da etapa educativa correspondente ó noso centro educativo, que recolle a seguinte información:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	3.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	2.9				
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.5				

Para completar a información e poder levar a cabo a análise DAFO, empregamos outras fontes de información como foi o Test

CDD en xeral, e en concreto a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe e a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no.

Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	5	60%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	2	1	66,7%
DESPRAZADO	0	3	0 %

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	95	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	93,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total do profesorado no nivel da competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	5	55,6%
B1	2	22,2%
B2		
C1	1	11,1%
C2	1	11,1%
TOTAL	9	100%

2.3.- Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe soporte técnico para problemas dixitais. 2. Existen procedementos de protección da datos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O proceso de E-A respáldase minoritariamente con recursos e/ou dispositivos dixitais. 2. Non hai dispositivos dixitais, nin repositorios en liña idóneos para o proceso de E-A nin espazos habilitados a tal fin. 3. Non hai dispositivos dixitais que apoiem o proceso de E-A fóra do centro educativo. 4. As familias, así como o alumnado en xeral e o alumnado con NEAE, non contan cos dispositivos dixitais para facilitar o proceso de E-A
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O profesorado síntese apoiado pola dirección para aprobar novas formas de ensinanza dixital. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non existe tempo para a mellora continua nas metodoloxías dixitais. 2. Non existen procedementos de auto

		<p>2. Existen espazos de comunicación abertos para o profesorado, alumnado e familias sobre o uso das Tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Existen accións formativas e o intercambio de experiencias no desenvolvemento profesional continuo para o profesorado no ámbito das tecnoloxías dixitais.</p> <p>4. Empréganse entornas virtuais de aprendizaxe no proceso de E-A co alumnado e coas familias.</p> <p>5. Empréganse as tecnoloxías dixitais para adaptar as metodoloxías ás necesidades do alumnado, fomentar a súa creatividade e motivación.</p>	<p>avaliación docente para os procesos de E-A dixitais.</p> <p>3. Non se empregan tecnoloxías dixitais na colaboración con outras entidades.</p> <p>4. Non se crean por parte do profesorado de recursos dixitais en liña.</p> <p>5. Non se empregan as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado nin a súa colaboración interdisciplinar. 7.- Non se empregan as tecnoloxías dixitais na heteroevaluación e auto avaliación do alumnado e profesorado.</p>
	<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		

	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado ten un comportamento seguro e responsable no manexo e internet así como a comprobación da veracidade da información obtida. 2. O alumnado recoñece o traballo obtido na rede polos demais. 3. O alumnado aprende a comunicarse empregando as tecnoloxías dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado non crea contidos dixitais. 2. O alumnado aprenden a comunicarse empregando as tecnoloxías dixitais. 3. O alumnado non desenvolve habilidades dixitais en distintas materias. 4. O profesorado, alumnado e equipo directivo descoñecen como programar e resolver problemas técnicos.
	FAMILIAS		. As familias non dispoñen de recursos dixitais nin a competencia dixital para empregar no centro educativo.
	OFERTA		Non existe feedback comunicativo coas familias mediante a ferramenta dixital Abalar
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existe asistencia técnica para os recursos dixitais e aplicacións corporativas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non se empregan tecnoloxías dixitais para a colaboración con outras organizacións e/ou centros. 2. Non hai dispositivos dixitais, nin repositorios

		<p>en liña idóneos para o proceso de E-A nin espazos habilitados a tal fin.</p> <p>3. Non hai profesorado para as aulas dixitais.</p>
--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Foméntase no proceso de E-A o emprego de tecnoloxías e dispositivos dixitais, o acceso a internet e existe unha óptima asistencia técnica.	<p>1. Carecemos de espazos físicos e repositorios en liña que faciliten o proceso de E-A con tecnoloxía.</p> <p>2. Non temos suficientes dispositivos dixitais axustados ás necesidades e realidade tecnolóxica do centro.</p> <p>3. Desactualización tecnolóxica no referente ós escasos dispositivos dixitais do centro.</p> <p>4. Falta de soporte técnico para os dispositivos adquiridos polo centro.</p>
	LEXISLACIÓN	1. Existen procedementos de protección da datos no ámbito dixital.	1. Respéctanse parcialmente os dereitos de autor e licenzas de uso ó empregar as novas tecnoloxías.
	CONTORNA		1. Falta de cobertura dixital.

			2. Non existe oferta formativa no ámbito dixital por parte da administración pública da contorno.
	ANPA		1. Non existe proposta de actividades extraescolares relacionadas coas tecnoloxías. 2. Non hai dispositivos dixitais, nin repositorios en liña idóneos para o proceso de E-A nin espazos habilitados a tal fin.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración con entidades externas público-privadas que ofertan actividades dixitais para centros educativos.	1. Pouca oferta educativa dixital público-privada para os centros educativos.

3.- PLAN DE ACCIÓN.

3.1.- Obxectivos, indicadores e accións

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar o uso responsable e saudable das ferramentas dixitais e aparellos electrónicos				Acadado	
Responsable:	Equipo dinamización das TIC e do plan dixital / coordinador plan dixital / titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades realizadas en relación cos bos hábitos e bos usos					
Valor de partida: (3)	Nivel baixo en competencias dixitais do alumnado					
Valor previsto e data: (4)	50% do alumnado participa plenamente nas actividades propostas			Finais 2023-2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Exposicións e charlas para o alumnado	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	1º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Taller coas familias para a posta en práctica de medidas na casa e avaliación do nivel de exposición entre o alumnado	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	2º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actividades prácticas de bos usos co alumnado e enquisa para comprobar a melloría de hábitos	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	3º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 1: (1)	Deseñar un plan de formación para o profesorado sobre ferramentas dixitais educativas				Acadado	
Responsable:	Equipo dinamización das TIC e do plan dixital / coordinador plan dixital / titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de profesorado que participa no plan de formación					
Valor de partida: (3)	Nivel Baixo (A2 no test CDD) de competencias dixitais do profesorado					
Valor previsto e data: (4)	Contribución a que o profesorado acade nivel B2 e use máis na aula as TIC			Finais 2023-2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Iniciar un grupo de traballo para realizar formación sobre as Pantallas Dixitais Interactivas e a maqueta libre dos portátiles Abalar	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	1º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar sesións de formación sobre os recursos e usos das PDI e implementar nas aulas	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	2º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realizar sesións de formación e recursos da maqueta Abalar e implementar nas aulas	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	3º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
OBXECTIVO 1: (1)	Manter os equipos dixitais e TIC do centro: inventariar, controlar, renovar e actualizar.				Acadado	
Responsable:	Equipo dinamización das TIC e do plan dixital / coordinador plan dixital / titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de dispositivos actualizados/renovados					
Valor de partida: (3)	A metade dos dispositivos foi renovados e revisados.					
Valor previsto e data: (4)	O 75% dos dispositivos foi renovados e revisados.			Finais 2023-2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación do inventario dos dispositivos dixitais do centro e resolución incidencias	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	1º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualizar e reparar dispositivos para ter aulas funcionais e útiles na mellora das competencias dixitais	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	2º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Renovación de equipos e revisión dos equipos para a súa optimización en todo o centro.	Titores, alumnado, equipo TIC e coordinador do plan dixital	3º Trimestre	Equipos informáticos, conexión a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2.- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

Ver táboa apartado 2.1

4.- AVALIACIÓN DO PD

4.2.- Seguimento do Plan de Acción

En relación ó procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicamos que:

- No contexto da avaliación procesual, levaremos a cabo unha avaliación trimestral no que se dará conta do estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados, e de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final, levaremos a cabo unha avaliación anual onde se dará conta dos aspectos a avaliar como poden ser, por exemplo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2.- Propostas de mellora (revisión).

Durante o terceiro trimestre, o PD será proposto para proceso de revisión e mellora con aportacións de todo o claustro. Levarase a cabo varias reunións para propoñer os novos obxectivos do PD do vindeiro curso.

Algunha das liñas prioritarias de melloras para o CEIP Plurilingüe Carlos Cid Arregui son:

- Mellorar a competencia do profesorado no uso das TIC e ser capaces de implementalas na aula co alumnado.
- Contribuír a alfabetización dixital e dar unha boa base para o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.
- Manter os equipos tecnolóxicos do centro actualizados e funcionais.

5.- DIFUSIÓN DO PD

Unha vez aprobado o PD, este deberá ser divulgado na páxina web do centro, así como, quedará á disposición do resto da comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado) e de quen o solicite.

En Rairiz de Veiga, a 1 de xuño de 2023